



Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

## **ALEGACIÓNS PROXECTO DE ORZAMENTOS 2025 LEI DE MEDIDAS DE FISCAIS E ADMINISTRATIVAS**

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2024

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, como corporación de dereito público que exerce a representación exclusiva da profesión na comunidade autónoma de Galicia, tras a revisión do Proxecto de Lei de Orzamentos e de medidas Fiscais e Administrativas, en concreto o **Capítulo VII. Política Social**, que pretende a modificación da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e do Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, e considerando que algunhas das modificacións propostas resultan prexudiciais para os intereses da profesión de Traballo Social que este Colexio profesional representa, por medio do presente escrito, procede a realizar as seguintes consideracións

Mediante a introdución do artigo 27 que modifica a Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, engádese un **Título XI** á norma que regula o novo **Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.**

Fundamentalmente buscase unificar os procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade, posibilitando tramitar e resolver ambos de xeito conxunto, aforrando custes de persoal, eliminando persoal especializado de Traballo Social e sobrecargando, unha vez máis, os Servizos Sociais Comunitarios.

En primeiro lugar queremos remarcar o feito de que este Colexio profesional considera que a regulación dos procedementos para o recoñecemento da situación de dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade debería atoparse incluído dentro da normativa de desenvolvemento propia do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, e non na Lei de Servizos Sociais de Galicia.

De xeito máis específico, entre os artigos que consideramos conflitivos, atópanse os seguintes:

- **Artigo 98: Inicio do procedemento.** No punto segundo do devandito artigo 98 establece a posibilidade de que a solicitude para o recoñecemento da situación de dependencia poda solicitarse de xeito conxunto co procedemento de recoñecemento do grao de discapacidade nun único procedemento que finalizará con unha única resolución.
- **Artigo 100: Presentación de solicitudes.** A asistencia na cumplimentación e presentación da solicitude deberá recaer no persoal das Administracións Públicas que xa teñen esta función encomendada en calquera outro procedemento administrativo (persoal de rexistros, auxiliares de atención á cidadanía, etc.).

Por outra banda, entendemos que non se está utilizando de xeito correcto o concepto de *profesional de referencia* ao referirse indistintamente ao persoal das entidades locais e da Xunta de Galicia, sen que especifiquen, neste último caso, a que profesionais concretas

se están aludindo e si se entenden incluídas na presentación de solicitudes ás profesionais do Traballo Social de atención primaria do SERGAS, tal e como viñan facendo ate o de agora. En canto o uso do termo *profesional de referencia*, debemos destacar que o artigo 24 da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, como o Decreto 99/2012 (ex artigo 37) recolle que a figura da/o profesional de referencia, circunscríbese ao ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios.

- **Artigo 101. Tramitación prioritaria.** En relación á tramitación prioritaria cando exista un caso de emerxencia social, este Colexio profesional considera que deberá valorarse a existencia de emerxencia social non da documentación dispoñible como establece a proxecto, senón da valoración social realizada por un/ha profesional do Traballo Social mediante a elaboración dun Informe social que así o estableza motivadamente en atención aos seguintes criterios: desprotección grave a nivel persoal e de saúde, social e/ou familiar, que requira dunha intervención inmediata e ineludible para evitar a dita situación supoña un risco grave para a vida da persoa solicitante.
- **Artigo 103: Valoración.** Dende o COTSG consideramos que a aplicación do baremo debe ser unha función exclusiva dos Servizos Sociais Especializados e, concretamente, dos Equipos Técnicos de Valoración, polo que defendemos o reforzo dos devanditos Equipos de Valoración dos departamentos territoriais, xa que a pesar do actual estado de lista de agarda nas valoracións, o persoal dos equipos non medraron en consonancia coa crecente poboación dependente da comunidade galega.

A aplicación do baremo de dependencia por parte das profesionais de Servizos Sociais Comunitarios, provocaría unha sobrecarga inasumible nas actuais condicións de saturación e colapso do sistema, polo que de ningún xeito pode atribuírse esta función ás profesionais do Traballo Social dos de Servizos Sociais Comunitarios, tanto pola situación de

sobrecarga actual deste nivel de atención, como pola falta de especialización para este tipo de función.

- **Artigo 104: Equipos técnicos de valoración.** Na redacción que establece o apartado segundo do artigo 104, non se concreta a titulación requerida dos/das profesionais que conformarán os Equipos de Valoración, en contra do regulado na actualidade (“*Cada órgano de valoración estará integrado por profesionales con perfil social y sanitario, con una composición mínima de un/una profesional médico/a, un/una psicólogo/a, un/una trabajador/a social y, en su caso, de un/una terapeuta ocupacional o fisioterapeuta*”). En virtude do anterior, e porque resulta imprescindible para unha correcta valoración social das persoas usuarias, é necesario que se establezan as titulacións concretas que deben formar parte dos Equipos de Valoración, debendo contar necesariamente co perfil do Traballo Social nestes equipos, cuxa labor resulta insubstituíble, sendo as únicas profesionais habilitadas para a realización dos Informes Sociais Unificados.
- **Artigo 105. Funcións dos Equipos de Valoración - Artigo 106. Ditame-proposta sobre o grao de dependencia e discapacidade - Artigo 109: Procedemento de revisión.** En todos estes preceptos faise referencia á emisión de *Informes para valorar a situación socio-familiar* das persoas solicitantes, ou ben de *Informes do entorno sociofamiliar* que deben ser emitidos por Servizos Sociais, neste sentido debemos indicar que o único informe que pode valorar a devandita situación é o **Informe Social elaborado por profesionais do Traballo Social**, como ditame técnico que serve de instrumento documental que elabora e asina con carácter exclusivo o/a traballador/a social, polo que consideramos que debe conceptualizarse correctamente no proxecto de Lei, facendo referencia a denominación de Informe Social de forma exclusiva.

- **Artigo 107. Programa Individual de Atención.** Consideramos que o Programa Individual de Atención debe ter en conta as expectativas ou necesidades da persoa interesada e a valoración realizada polas profesionais do Traballo Social nas súas intervencións. Do mesmo xeito, debe quedar garantido o carácter prioritario dos Servizos fronte as libranzas, tal e como recolle o Decreto 15/2010, de 4 e febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

A atención prestada por profesionais non cualificadas en servizos sociais a persoas especialmente vulnerables, nunca podería acadar os parámetros mínimos de calidade esixibles a un municipio comprometido coa defensa duns servizos públicos dignos, considerando ademais que esta situación pon en risco os dereitos sociais da cidadanía.

Sen outro particular, no lugar e data sinalados no encabezamento, reciban un atento saúdo.

Asdo.